

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017582	EEl de Aios	Sanxenxo	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	5
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	5
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	5
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	6
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	6
o) Outros apartados	6

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

A través de diferentes actividades de coñecemento de sí mesmo.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

Empregando a contorna próxima como medio de aprendizaxe.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais.

O traballo das rutinas teñen como fin favorecer a adquisición dunha adecuada autonomía.

d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

Fomentaremos no alumnado diferentes valores como o respecto e traballaremos a educación emocional mediante oradoiros, rutinas, contos...

e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

Fomentaremos a igualdade e normas de convivencia mediante o día a día na aula, e tamén con diferentes obradoiros.

f)) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

A través da asamblea, PELO, obradoiros, actividades artísticas...

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

A través de diferentes xogos e propostas de manipulación que lle permitan adquirir certas destrezas e habilidades para futuras accións.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

Traballando diferentes aspectos e valores de respecto cara a diversidade familiar e diferentes tipos de culturas.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A través das diferentes estacións do ano achegarémonos a nosa gastronomía, festas e tradicións.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son as capacidades relacionadas de maneira esencial co saber facer integrando coñecementos, destrezas e actitudes. Así seguindo o Decreto 150/2022 e atendendo a realidade do centro as competencias clave lévanse a cabo da seguinte maneira:

CCL- Competencia en comunicación lingüística. Será esencial o diálogo e a escoita, respectando sempre a diversidade da aula. Favorecerase a través de diferentes actividades de expresión e comprensión, dándolle gran importancia a asemblea, lectura de contos...

CP -Competencia plurilingüe. Fomentaremos a pluralidade lingüística e cultural, tomando como base o xogo.

STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. Procurase a construción do coñecemento lóxico-matemático por parte do alumnado a través da manipulación e exploración de diferentes materiais. Así como tamén iniciarse no coñecemento dos números, medidas...

CD - Competencia dixital. Favoreceremos a alfabetización múltiple, a través de microespazos de Tic como ordenador, tablet... tamén fomentando a robótica con diferentes robots como a Bee-bot, mouse...

CPSAA -Competencia persoal, social e de aprender a aprender. Fundamental adquirir aprendizaxes para desenvolverse de maneira autónoma. É fundamental que o alumnado adquira aprendizaxes significativos e para iso empregamos metodoloxías activas e vivas.

CC - Competencia cidadá. Para desenvolver dita competencia teremos en conta o Plan de Convivencia do centro, así como todas as estratexias para o fomento dunha boa convivencia.

CE - Competencia emprendedora. A innovación é o punto clave no desenvolvemento das persoas. Por iso, a etapa de infantil debemos estimular a creatividade e imaxinación nos nenos e nenas, para iso traballaremos a través de metodoloxías activas e propostas vivencias.

CCEC - Competencia en conciencia e expresión culturais. Buscase a potenciación da creatividade nos seus aprendizaxes, para iso aproveitamos un ambiente esencial na aula como o é o espazo de arte.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Na etapa de Educación Infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e da características físicas e sociais do medio en que viven.

Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores. Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenta uns hábitos saudables. Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Según a LOMLOE, a metodoloxía é a descrición das prácticas docentes e a organización do traballo docente. Así a metodoloxía parte do recollido no DECRETO 150/2022, e os criterios que se recollen para a mesma son os seguintes:

- Innovación educativa: emprego de metodoloxías activas e vivas onde o alumnado é sempre o protagonista do aprendizaxe.
- Aprendizaxe STEAM a través da aplicación das TIC.
- Coordinación entre todos os profesionais que pertencen a escola.
- Atención a diversidade do alumnado: atención personalizada, individualizada e respetuosa empregando sempre un aprendizaxe baseado no DUA.
- Aprendizaxe baseado en proxectos atendendo a autores como Dewey e Kilpatrick.
- Apertura ao entorno: colaboración con diferentes entidades como o concello, familias e colexios destacando o centro ao que estamos adscritos.
 - Educación emocional.
 - Espazos: Ante todo procuramos que os espazos sexan agradables; espazos onde o alumnado se sinta cómodo, seguro e acollido a vez que presenten un ambiente grato de aprendizaxe.
 - Tempo: a xornada organizase baixo os principios de flexibilidade e globalidade. Durante toda a mañá será necesario vivenciar tempo para as rutinas, tempo para actividades específicas, tempo de xogo e de descanso.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Pretendemos usar o seguinte tipo de material tendo sempre en conta que sexan beneficiosos para o alumnado contribuíndo a favorecer a aprendizaxe, estimulación sensorial, habilidades, actitudes e destrezas.

- Material tecnolóxico: ordenadores, tablets, panel interactivo, robot, conexión a internet...
- Material funxible: ceras, folios, cartulinas, tesoiras...
- Material non estruturado de reciclaxe, elementos naturais, pezas soltas, etc.
- Material sensorial: mesa de luz, mesa de experimentación, bandexas, luz negra...
- Material de psicomotricidade.
- Biblioteca de aula dotada con todos os recursos (contos, xogos de mesa...)
- Recursos humanos tendo en conta a toda a comunidade educativa.
- Material curricular: documentos de centro (PXA, NOF...)
- Contorna próxima o centro: concello, centro adscrito, aldea...

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Non procede na etapa de Educación Infantil.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias forman parte da PXA e serán polo tanto aprobadas no Claustro e Consello Escolar de inicio de curso. Neste caso como responsable da escola encárgome de xestionar os recursos económicos, persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

- As actividades complementarias son programadas para alcanza-los obxectivos propostos no noso proxecto educativo e nas programacións didácticas.
- As actividades complementarias que xurdan informarase o inspector ao longo do curso.
- Ao comezo do curso enviarase unha comunicación de autorización para cumprimentar sobre as saídas ao contorno que deberá ser asinada polos pais/nais/titores legais e devolta ao centro.
- En todas as actividades que leven a cabo fora do concello, as familias deberán ser informadas e previa autorización.
- É recomendable que todo o alumnado asista debido o carácter pedagóxico das saídas. No caso de que algún neno/a non acuda deberá de informar a escola con anterioridade.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O profesorado, en colaboración co Departamento de Orientación do centro, adaptará o currículo ás necesidades do alumnado co fin de reforzar e incidir naqueles ámbitos prioritarios para o seu desenvolvemento integral.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A medida da flexibilización na etapa de Educación Infantil só se pode levar a cabo unha vez en toda a etapa de Infantil. No caso de adoptar dita medida o plan específico será deseñado polo departamento de orientación en colaboración da mestra responsable da escola. Así contará coa aprobación da Inspección Educativa.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Levaremos a cabo a avaliación a través de táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumnado obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e e que se cubrirán ao remate de cada curso escolar. Para a promoción á etapa de Educación Primaria o alumnado terá que ter adquiridos ao remate da etapa de infantil os obxectivos establecidos no currículo para a mesma.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non procede na etapa de Educación Infantil.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións serán de libre acceso para a comunidade educativa co fin de garantir a transparencia. Dito documento será elaborado polo profesorado ao inicio do curso incluíndo como mínimo o seguinte:

- a) Introducción.
 - b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
 - c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
 - d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
 - e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
 - f) Medidas de atención á diversidade.
 - g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
 - h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.
- Como mestra responsable da escola realizarei un seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Para seleccionar os Plans e Proxectos tense en conta criterios como:

- Adecuación ao Proxecto Educativo do noso centro.
- Promovan estilos de vida saudables.
- Desenvolvan as competencias clave.
- Promovan o traballo colaborativo e cooperativo.

Este curso participamos nos PFPP do centro adscrito.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo de infantil ao remate de cada un dos trimestres do curso.

o) Outros apartados

1. SAÍDAS A CONTORNA

Dende a escola preténdese aproveitar os beneficios da nosa contorna realizando saídas e implicando a toda a comunidade educativa.